


O sexo e a obscenidade centrarán a VIII Xornada de Literatura de Tradición Oral

Escrito por Redacción

Mércores, 07 Outubro 2015 14:36



A literatura do sexo, tan presente nas súas diferentes formas e manifestacións na comunicación oral, forma parte dos asuntos censurados secularmente, social e academicamente. Que dicir, xa que logo, do obsceno e do escatolóxico! A transmisión, de predominancia oral, de chistes, ditos ou recitados onde o sexo, as partes pudendas ou os excrementos son protagonistas quedou restrinxida a ámbitos de confianza (adolescentes, amizades,...), e poucas veces chega aos gabinetes de investigación, e moito menos aínda a ter difusión impresa, a pesar de que tivo unha grande influencia na literatura de creación chamada libertina ou alegre que cultivaron numerosos escritores na antigüidade e, máis recentemente, desde o século XVI en diante.

A AELG e a AS-PG organizan a VIII Xornada de Literatura de Tradición Oral, que baixo o título de Sexo e obscenidade na literatura de tradición oral contarase co saber de especialistas na materia que van tratar e debater sobre estes temas desde diferentes puntos de vista así como analizar a súa presenza e supervivencia nos diferentes xéneros da literatura de tradición oral. A música, a poesía e o conto de tema erótico ou escatolóxico forman parte da nosa bagaxe cultural e, só por iso, debemos afrontar o seu estudo con criterios científicos e, podendo ser, espidos de toda clase de prexuízos.

Esta oitava xornada desenvolverase o 24 de outubro na Biblioteca Pública de Lugo. A matrícula é de balde e por rigorosa orde de inscrición na web da AS-PG (http://www.as-pg.com/Xestion/Curso/EncontrarCursos.do?sessionId=7848902D813AB074AA406EDDE1F3AA4E?identificador=CURSO_ID&identificador=381), tendo preferencia os socios-as e afiliados-as á AS-PG e á AELG.

Programa

10.15 h. Recepción, entrega de material e inauguración.

10.30 h.-11.30 h. Conferencia: Sexo e obscenidade na canción popular galega. Rubén Aramburu. Contextos e modelos para expresar a sexualidade nas cantigas populares.

11.30 h.-12.30 h. Conferencia: Na cona da vella non manda ninguén. Olga Novo. Sobre os arquetipos sexistas e a súa presenza explícita ou implícita nos xéneros literarios populares.

12.30 h.-14.00 h. Mesa redonda: E dálle que dálle! O erotismo como sátira fronte á represión social. Rubén Aramburu e Olga Novo. Coordina: Antonio Reigosa.

16.00 h.-17.00 h. Conferencia: A poética do noxo: excrementos e outras repugnancias na literatura oral galega. José Luis Garrosa. A materia oculta. Sobre o que non se pode ou non se debe dicir e, sen embargo, se di.

17.00 h.-18.00 h. Conferencia: Os contos eróticos galegos. Xosé Miranda e Xoán R. Cuba. Repaso aos tipos e motivos presentes nos contos eróticos da tradición oral galega.

18.00 h.-19.30 h. Mesa redonda: Cuarta máis, cuarta menos! Escatoloxía, prexuízos e tabús. José Luis Garrosa, Xosé Miranda e Xoán R. Cuba. Coordina: Isidro Novo.

19.30 h.-20.30 h. Ti contabas as estrelas, eu as areas do chan. Percorrido polo repertorio popular baseado en experiencias propias, cantigas, contos e romances. Luís "O Caruncho"

Partilla nas redes sociais:
